



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
(Escusa asistencia)	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta cinco minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (26/01/2022)**

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 26/01/2022 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Aprobación definitiva, se procede, do Plan de sectorización do SUND-4. Parque Empresarial de Vedra.**

Visto o proxecto do Plan de Sectorización que afecta aos terreos incluídos no ámbito do SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA, clasificados como solo urbanizable non delimitado previsto no vixente PXOM, presentado por UTE URBEPLAN-ARC en función do convenio asinado entre propietarios e concello.

Presentado o documento de inicio, este foi remitido ao órgano ambiental competente para que se pronunciase sobre necesidade de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE); con data de marzo de 2009 foi remitido o documento de referencia para o procedemento de AAE e polo equipo redactor procedeuse a redactar o preceptivo informe de sustentabilidade ambiental incorporándoo ao proxecto presentado para aprobación inicial.



Con data do 30/12/2010 foi aprobado inicialmente polo Pleno do concello e tramitado conforme ao establecido na lexislación vixente.

Con data do 13/03/2016 acordase a aprobación provisional do mencionado plan sectorización.

Con data do 22/09/2020 acordase nova aprobación provisional e remítese o expediente ao Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Con data do 13/11/2020, o órgano autonómico, require a emenda e a achega de documentación adicional.

Con data do 30/03/2021, e logo da tramitación oportuna, acórdase nova aprobación provisional e a remisión do expediente ao órgano autonómico pertinente que, con data do 07/06/2021 require a emenda de diversas cuestións.

Con data do 28/07/2021 o equipo redactor achega documentación técnica con nova proposta.

Con data do 12/08/2021 acórdase nova aprobación provisional pola Xunta de Goberno Local e remítese ao órgano autonómico competente que con data do 16/09/2021 require nova emenda que se lles remite con data do 09/11/2021.

Con data do 30/12/2021 emítese informe previo á aprobación definitiva do plan de sectorización do solo urbanizable non delimitado. SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DO CONCELLO DE VEDRA, asinado pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Polo equipo redactor achégase proxecto denominado PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SECTOR DO ÁMBITO DE SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO SUND-4, PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA (proposta final cumprimentada coas condicións sinaladas no informe da DXOTU de 30/12/2021) de data xaneiro de 2022, e asinado por don Benito Fernández González, con data do 21/01/2022, e don Gilberto Rodríguez Rodríguez, con data 24/01/2022, en calidade de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

Considerando canto antecede, logo dos informes técnico e xurídico, e de conformidade co artigo 86 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o seu regulamento, e co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, proponse:

**PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente o PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SECTOR DO ÁMBITO DE SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO SUND-4, PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA (proposta final cumprimentada coas condicións sinaladas no informe da DXOTU de 30/12/2021) de data xaneiro de 2022, e asinado por Benito Fernández González, con data do 21/01/2022, e Gilberto Rodríguez Rodríguez, con data 24/01/2022 en calidade de Enxeñeiros de camiños, canles e portos.

**SEGUNDO.** - Publicar, no prazo dun mes, a aprobación definitiva no Diario Oficial de



Galicia, para os efectos do establecido no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A normativa e ordenanzas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e o documento completo na sede electrónica do concello de Vedra.

**TERCEIRO.-** Comunicar o acordo de aprobación definitiva, á vista do disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, á consellería competente en materia de urbanismo para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia remitindo un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado.

**CUARTO.-** Notificar individualmente a aprobación definitiva do Plan de sectorización aos titulares catastrais e demais propietarios dos terreos afectados de conformidade co disposto no artigo 186 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que lle sorprende que non haxa debate sobre a aprobación desta sectorización e explica por que o BNG se opón: aprobar esta sectorización supón certificar a eliminación da depuradora que ía depurar un terzo das augas residuais de Vedra; non planificar no PXOM todas as diminucións que supón a eliminación desa depuradora e ter o callo despois de ir por certas parroquias a dicirlle aos veciños que nunca poderán ter un sistema de depuración. Isto supón crear un polígono que nunca vai poder ser ocupado porque ningunha empresa vai ir a un polígono que non ten sistema de depuración.

O resultado disto son pequenas depuradoras por aí que nin sequera están planificadas no PXOM e supón que certas parroquias teñan o 99% da súa depuración construída e o resto non. Por outro lado aínda non dixo quen puxo os caros para facer esta modificación.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo votará a favor porque dende o principio apostaron por esta solución. Entende que hai empresarios que necesitan ese solo e apostan porque se desenvolva así porque senón non se ía desenvolver.

Intervén a Presidencia para agradecer o voto a favor do grupo socialista, e respóndelle ao BNG que non vai repetir o debate e argumentos que xa expuxeron cada vez que se debateu este tema en Pleno. Remítense as respostas dadas que figuran nas actas das sesións plenarias.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e dous en contra do BNG.

### **3º.- Aprobación provisional (2ª9, se procede, da modificación puntual do PXOM denominada Aliñacións, espazos públicos e delimitacións nos núcleos de Quintáns, Texo, Os Muíños e Famelga (Vedra)**

Considerando a necesidade e conveniencia, con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), denominada “ALIÑACIÓNS, ESPAZOS PÚBLICOS E DELIMITACIÓNS



NOS NÚCLEOS DE QUINTÁNS, TEXO, OS MUÍÑOS E FAMELGA (VEDRA)”, redáctase a documentación técnica precisa por don Fermín González Blanco en calidade de Arquitecto. A modificación puntual proposta axústase ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

O proxecto da modificación puntual foi aprobado inicialmente polo pleno da Corporación en sesión de data 29/04/2019, logo da tramitación correspondente e sometido a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio publicado no Taboleiro de Edictos do concello, no DOG número 101 de data 29/05/2019 e no xornal La Voz de Galicia de data 13/05/2019.

Con data do 29/07/2021 aprobouse provisionalmente polo Pleno da corporación e remitiuse ao órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva que, con data do 16/09/2021, require a emenda da documentación remitida, ao que se dá cumprimento, e con data do 17/12/2021 emite novo requirimento (Expediente: PTU AC 2016 074).

Redáctase a documentación técnica requirida que se incorpora ao expediente en formato editable, de data 21/01/22, e en formato non editable consistente en proxecto asinado con data do 23/09/2021. Así mesmo, emítense informe técnico e xurídico en sentido favorable que se incorporan ao expediente.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, procedendo novamente a súa aprobación provisional polo Pleno do concello, de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente o proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello denominada “ALIÑACIÓNS, ESPAZOS PÚBLICOS E DELIMITACIÓNS NOS NÚCLEOS DE QUINTÁNS, TEXO, OS MUÍÑOS E FAMELGA”, nos termos do expediente tramitado e do proxecto redactado para tal efecto polo Arquitecto Fermín González Blanco, de data do 23/09/2021, e os arquivos editables de data 21/01/2022.

**SEGUNDO.** Unha vez dilixenciado, elevar o expediente da mencionada modificación puntual do PXOM, xunto coa documentación técnica, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai manter a postura do mes de xullo. Recorda que é unha modificación puntual que se comezou a tramitar no ano 2016, despois de prometer o grupo de goberno no ano 2011 que ía cambiar o PXOM.

A Presidencia di que isto volve pasar polo pleno porque houbo que facer unhas pequenas cuestións técnicas e así o esixen dende a Xunta de Galicia.

Posta a votación, apróbase con nove votos a favor do PP e do BNG e tres abstencións do PSdeG-PSOE.



#### **4º.- Adhesión, se procede, á Declaración de Valladolid: El compromiso de las ciudades por la Economía Circular.**

Visto o acordo unánime adoptado pola Xunta de Goberno da FEMP, o pasado 29 de xuño de 2021, no que se recomenda a difusión entre as Entidades Locais españolas da *Declaración de Valladolid: el compromiso de las ciudades por la Economía Circular*, que supón o compromiso das Entidades Locais españolas coa Declaración de París e de Sevilla, ademais de coas esixencias derivadas do Pacto Verde Europeo e a Estratexia Española de Economía Circular.

Proponse ao Pleno:

**PRIMEIRO.-** Subscribir a *Declaración de Valladolid: el compromiso de las ciudades por le Economía Circular* e asumir os pronunciamentos e compromisos que a mesma supón.

**SEGUNDO.-** Trasladar a certificación do acordo á Secretaría Xeral da FEMP.

A Presidencia di que dentro destes pactos a nivel nacional e europeo, destes compromiso e declaracións, a FEMP, fai esta en relación á economía circular. Tanto a FEMP como a FEGAMP solicitaron que se fora aprobando nos distintos concellos. O concello de Vedra xa subscribiu a Declaración de Sevilla no ano 2017 e agora ratifica o seu compromiso neste pleno.

Trátase de comprometerse a través das entidades locais a impulsar e apoiar tanto o chamamento que fixo a cidade de París como a declaración de Sevilla, a impulsar o papel dos novos emprendedores, a promover o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible recollidos na axenda 2030, desenvolver estratexias locais de economía circular, etc.

Cre que é importante este aspecto formal, de ratificar o compromiso no órgano máis importante do concello, que é o pleno. Trasladar o apoio a esta declaración á FEGAMP e á FEMP, e na medida do posible impulsar o máis axiña posible a planificación establecida no PACES.

Xa se fixeron algunhas actuacións importantes ao longo destes anos como o cambio da iluminación pública a led, o cambio de caldeiras de gasóleo a biomasa, melloras das envoltentes térmicas dos edificios, melloras na frecuencia do transporte metropolitano, a próxima implementación de cargadores de vehículos eléctricos, etc.

Recorda que no PACES hai que facer unha auditoría cada dous anos e cara o 2023 toca facela.

Ben é certo que a batalla fundamental en relación a isto é no ámbito urbano, non no rural, independentemente de que Vedra achegue o seu gran de area, e por iso solicita o voto a favor.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai votar a favor e é paradoxal que o mesmo día que queren aprobar esta declaración, o grupo de goberno trae a pleno o tema do polígono industrial onde eliminan unha das grandes depuradoras do concello. Así mesmo, tamén é o grupo de goberno o que leva 12 anos tombando un plan de sostibilidade enerxética municipal, o que votou en contra tres veces á recollida de lixo



porta a porta e o que votou en contra dun plan para primar e valorar positivamente o tema dos composteiros.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

**5º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, sobre o Día Internacional da Muller.**

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, di que dende o seu partido están moi implicados co movemento feminista e por iso presentan esta moción de partido.

O feminismo é un sinal de identidade do Partido Socialista desde a súa orixe. O feminismo e o socialismo son dúas correntes ideolóxicas que teñen na súa orixe unha mesma idea: a emancipación e non quere que se deixe de falar neste pleno, polo menos nestas datas, das reivindicacións feministas.

A igualdade é unha cuestión de calidade da democracia e tamén garantía de que o benestar se produza para todas as persoas e non á conta da metade da poboación. As mulleres non son un colectivo, son a metade da humanidade, e por tanto, a desigualdade e opresión que sofren por ser mulleres golpea directamente ao corazón das democracias xa que impide o desenvolvemento pleno da condición de cidadanía.

Este 8 de marzo, o Partido Socialista quere destacar, fronte a quen negan, vulneran e atacan os dereitos das mulleres, o profundo valor democrático que o feminismo supuxo para a liberdade das mulleres en todo o mundo.

Este 2022 España afronta un período de recuperación tras a pandemia da COVID-19. A pandemia mostrou as costuras do noso Estado do Benestar, deixou ben visible a desigualdade aínda existente nos traballos de coidado doméstico e a precariedade do emprego das mulleres.

O Goberno de España consciente de que non existirá recuperación se non é garantindo a igualdade de mulleres e homes, fixo da igualdade de xénero un eixo transversal do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para canalizar os fondos europeos a reparar os danos provocados pola crise da COVID-19, o noso compromiso para que a recuperación sexa xusta é firme.

O PSOE está a impulsar políticas públicas dirixidas a pechar as fendas de desigualdade que aínda hai pendentes: laboral e salarial, a fenda dixital ou a desigualdade no ámbito da corresponsabilidade.

A reforma laboral que impulsou o Goberno de España co acordo de patronal e sindicatos é, sen dúbida, un gran avance feminista, é unha reforma laboral para combater a precariedade do emprego das mulleres.

Para dar resposta aos problemas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar agudizados pola pandemia da Covid 19, o Goberno de España puxo en marcha no ano 2021 o Plan Corresponsables, que se centra na atención á infancia. A razón que levou a expor este programa dirixíndoo cara esa franxa de idade ten que ver co impacto que a





súa conveniente atención ten nas mulleres, ben por razón da súa condición de traballadoras, ou ben porque a dedicación en exclusiva ás súas fillas e fillos impídelles buscar un emprego.

O Consello de Ministros vén de aprobar o Acordo polo que se autoriza a proposta de distribución entre as comunidades autónomas, para o seu sometemento á Conferencia Sectorial de Igualdade, do crédito orzamentario destinado no ano 2022 ao desenvolvemento do Plan Corresponsables por importe de 190.000.000 de euros.

Destinaranse ao financiamento de proxectos, que deberán ser promovidos polas comunidades autónomas para o desenvolvemento de actuacións e/ou prestacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con fillas e fillos de ata 16 anos de idade mediante a creación de bolsas de coidado profesional, a creación de emprego de calidade no sector dos coidados e a posta en marcha dun sistema de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou vías non formais.

Desenvolver políticas que fomenten a corresponsabilidade ten un impacto profundo na igualdade, pero tamén, como é lóxico, na economía e na calidade da sociedade. O ansiado cambio de paradigma no social, no laboral pero tamén no ámbito dos coidados, debería condicionar as accións políticas e económicas futuras.

Segundo o último baremo do CIS a respecto desta cuestión, o 82 % das persoas coidadoras principais de menores de 0 a 3 anos son as nais, o 7,5 % as avoas e só o 4,8 % os pais. Indica tamén que as mulleres empregan entre 4 e 5 horas diarias a tarefas domésticas, mentres que os homes empregan pouco máis dunha hora.

Diante desta situación, que manifesta un escenario pouco alentador sobre a necesaria xestión corresponsable dos coidados, as administracións públicas deberán focalizar os seus esforzos en asegurar políticas que favorezan que a carga de traballo non remunerado, doméstico ou de coidados, sexa compartida por todos os membros da familia, con obrigas non diferenciadas por sexo. Do contrario, o dereito a traballar fóra da casa seguirá sendo imposible para un gran número de mulleres.

Conscientes desta situación, na Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da Covid19 os tres grupos parlamentarios acordaron instar a Xunta “a reforzar o apoio aos programas de conciliación e corresponsabilidade a fin de rematar coa discriminación, e así facilitar a igualdade no acceso ao emprego e no desenvolvemento da carreira profesional das mulleres galegas”.

Mais a realidade foi que nos orzamentos do exercicio 2022 o Goberno galego reduciu brutalmente o programa destinado a corresponsabilidade e conciliación, sendo unha das partidas que sufriu un dos maiores recortes (máis dun 25 % con respecto a 2021) de todas as contas. Tampouco tivo lugar a actualización do Plan de conciliación e corresponsabilidade, mandada polo Parlamento de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o grupo socialista do concello de Vedra presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:



1. Instar á Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, no primeiro trimestre de 2022, a avaliación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. Cos resultados da avaliación dese primeiro plan, presentarase no segundo trimestre un novo para o período 2022- 2025 con medidas concretas para este ano acompañadas do seu correspondente orzamento.

2. Adoptar/incrementar no noso concello aquelas medidas que poidan favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, previo estudo económico correspondente.

3. Impulsar no marco das competencias municipais medidas de sensibilización e fomento da corresponsabilidade nos coidados e tarefas domésticas, encamiñados á concienciación da necesidade de variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención e coidado.

Vén sendo unha reivindicación feminista dende hai moito tempo e séguese a pedir. A corresponsabilidade nos coidados sempre recae nas mulleres e iso ten que mudar. Solicita o apoio á moción.

A Presidencia di que en principio o grupo de goberno vai votar non á urxencia da moción, o que non quere dicir que voten non á moción.

A moción foi presentada o día da sesión plenaria pola tarde, e sendo un obxectivo político por parte do PSOE, non impediron que presentaran a moción e a levaran a pleno.

Dona Beatriz Amenal contesta que tanto o BNG como o PP teñen presentado mocións por urxencia.

A Presidencia replica que permitiu que o grupo socialista lera a moción no pleno a pesares de presentala pola tarde e defender a urxencia da moción. Como o grupo de goberno se toma en serio a moción, pero tamén é unha moción de partido como recoñeceu a voceira socialista, e por tanto unha defensa do goberno de Sánchez e un ataque á Xunta de Galicia, o grupo popular municipal quere informarse ben antes dos acordos que solicitan na moción. É exactamente igual que os acordos que solicitan na moción se aproben agora ou no pleno de marzo.

A FEGAMP vai sacar unha declaración co acordo dos tres grupos políticos en breve en relación ao 8 M. Solicita que o pleno se sume a esa declaración e que se debata a moción presentada polo grupo socialista no día de hoxe no próximo pleno.

Esa é a explicación do voto en contra do PP á non urxencia desta moción.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que lle parece que se debería aprobar a urxencia da moción porque é interesante que nos días previos ao 8M se dea este debate de conciliación e corresponsabilidade.

O BNG non está de acordo en todos os puntos da exposición de motivos, pero si o está nos puntos dos acordos.

Por outro lado, neste concello, como na maioría, hai que facer moito traballo para a corresponsabilidade e para axudar ás mulleres a que saian dese ámbito e a que se melloren as súas condicións laborais.





Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, manifesta que se o PP non vota a favor da urxencia, terá que quedar para o seguinte pleno.

A Presidencia di que todos defenden as súas posturas políticas. Cre que non hai diverxencias no fondo da moción, pero si nas formas. O seu grupo quere informarse antes de votar a moción, do que se refire á Xunta de Galicia.

Posta a votación a urxencia da moción, esta rexéitase con sete votos en contra do PP e cinco votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG.

### **6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a iluminación da pista de rodadura de Vedra, a Presidencia di que xa saben que as torres teñen que ser máis altas, pero polo de agora é un aforro importante o non cambialas, xa que teñen o seu custe. Volvéronse orientar os focos para que non molesten e dean servizo aos usuarios da instalación.

2º.- Respecto ao espazo público en San Xián, di que oficialmente iniciouse o expediente de expropiación e agora veñen deseguido todos os informes e actos xurídico-administrativos esixidos pola lei. En principio están apurando para que a declaración de interese público xunto coa súa documentación necesaria se aprobe na sesión plenaria do mes de marzo. Intentarán axilizalo todo o que se poida.

3º.- Sobre o proxecto do centro de día, a Presidencia sinala que está a disposición da oposición en Alcaldía. É un anteprojecto que aínda non está presentado á Xunta de Galicia porque houbo que ensinar de urxencia un anteprojecto para que dende o consorcio dixeran se tiña cabida ou non nas posibles axudas que van sacar.

As axudas estanse a negociar entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, e a idea que teñen é que de xeito inmediato saia a convocatoria oficial da Xunta de Galicia pra esas axudas.

Unha das indicacións da FEGAMP a ter en conta é que os proxectos foran para concellos que non tiveran ningún tipo de centro de día ou residencia.

Coñecida a normativa e criterios de selección, cre que hai moitas posibilidades de que aproben as axudas máximas en relación ao centro de día e residencia.

A Xunta de Galicia ten unha partida orzamentaria importante para axudar á construción e remodelación de centros de día e residencias, e dentro dos criterios que estableceron van considerar axudar aos concellos que non teñan ese servizo e teñan dispoñibilidade dos terreos, etc.

4º.- Respecto á extensión dos viñedos e o plan de escorrentías, a Presidencia di que o proxecto definitivo de escorrentías e vertidos foi presentado a mediados do mes de novembro. Son obras por un importe de 500.000 €. Déuselle traslado a Augas de Galicia, Patrimonio cultural, Medio rural e montes para os informes correspondentes. A semana pasada chegou o informe favorable de Augas de Galicia e están pendentos dos



outros. Cando cheguen eses informes, irá á Xunta de Goberno e poderán comezar a executar as obras. Cónstalle que a empresa quere comezar o máis pronto posible.

No que se refire aos danos sufridos na rede de sumidoiros, di que lle corresponde á empresa facerse cargo deses gastos.

En canto ás hectáreas que afecta a plantación de viñado, di que a empresa ten comprados máis terreos nesa zona e o proxecto de escorrentías contempla o que está xa feito e o que van facer no futuro.

5º.- Sobre a avaría no servizo de abastecemento municipal, di que a obra está en garantía e teno que asumir a empresa e váiselle reclamar á mesma.

6º.- Respecto á homenaxe a Arturo Cajaraville, a Presidencia contesta que están falando coa familia valorando diferentes propostas. Cre que nos próximos días haberá unha proposta definitiva e comunicaraa na xunta de voceiros.

7º.- Sobre as viaxes institucionais e a varias fotografías en Fitur, di que en principio era para ir un día e ao final foron dous. O primeiro día estivo na presentación e promoción do Camiño de inverno coa Asociación de municipios do Camiño do inverno. O segundo día estivo na presentación do xeodestino Terras de Santiago que agora está xestionado polo GDR Terras de Compostela, do cal Vedra ostenta a secretaría e Brión a presidencia.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os 40.000 € que estaban mal consignados no programa de urbanismo co concepto “novos equipos informáticos”, a Presidencia di que na documentación remitida á Xunta de Galicia está correcto. Na documentación de traballo si había un erro de transcripción.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto aos custes do polígono industrial, a Presidencia di que o custes son exactamente os que comentou no pleno anterior. De feito, o equipo redactor do proxecto, a raíz da aprobación feita hoxe en Pleno, en virtude da adxudicación feita no seu momento, pode pasar unha nova factura por ese acto.

2º.- Sobre o proceso de expropiación en San Xián, di que tan pronto poidan ocupar o espazo legalmente, farano.

3º.- Respecto ao SIX, a Presidencia di que xa tivo contactos con empresas para ver as posibilidades e custes do mesmo. Existe algunha posibilidade de que non sexan uns custes moi elevados á hora de facer unha primeira fase inicial e que intentarán facelo o máis pronto posible.

#### **7º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:



1º.- Roga que a Presidencia cando queira xustificar algunha decisión deixe de dicir “vós tamén o fariades”.

2º.- Pregunta se o concello recibiu ou recibe fondos da Xunta de Galicia para poñer en marcha medidas contempladas no plan de corresponsabilidade.

3º.- Pregunta se houbo algunha modificación ou supresión de frecuencias no concello respecto do Plan de transporte.

Alcaldes socialistas da comarca manifestáronse porque nalgúns lugares están cambiando horarios, suprimiuse algún autobús, hai atrasos, etc.

4º.- Á sesión plenaria de hoxe volve faltar dona Diana Varela. Quere poñer de manifesto que son cargos públicos que teñen obrigas, e unha delas é a asistencia ás sesións plenarias. As empresas deben saber que teñen a obriga de deixarlle á persoa que ocupa un cargo público atender polo tempo necesario as súas obrigas como cargo público.

Entende que para algúns traballadores pode resultar difícil porque as empresas non o poñen fácil.

Non é a primeira vez que sucede e espera que non volva pasar.

5º.- Pregunta como está funcionando o punto limpo e a cargo de quen está a recollida de voluminosos, porque xa non está Coregal. Pregunta se houbo un contrato menor adxudicando este servizo.

6º.- Roga que no boletín de marzo saia publicado o manifesto do 8M.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se vai haber algún obradoiro de emprego no concello ou Vedra vai participar en obradoiros que leven outros concellos.

Solicita que non sexan os obradoiros de sempre (albanelería, carpintería, etc) senón para outros sectores que tamén serían interesantes.

2º.- Pregunta como está o tema dos cursos na aula Cemit. No mes de novembro o concelleiro responsable dixo que estaban buscando os formadores e nos orzamentos do ano pasado había 10.000 € para a aula Cemit e este ano consignaron 20.000 €.

Solicita que comencen os cursos, xa que hai xente moi interesada, non só persoas maiores, senón tamén xuventude.

3º.- Pregunta se vai haber algunha reunión da comisión de igualdade con motivo do 8M.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.